



Asunto: Profesorado itinerante – Ano 2019

Sr./a. director/a do centro:

Co fin de poder aboar os desprazamentos do profesorado itinerante dese centro, prégo lle remita **por correo electrónico antes do 15 de novembro de 2018** a itinerancias@edu.xunta.es, a seguinte información:

- Relación de profesores itinerantes no curso 2018-2019 (apelidos, nome, NIF, corpo, especialidade e localidade do centro ao que se desprazan).
- Importe necesario para o pago das itinerancias no ano 2019 (dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro) (períodos lectivos: 36 semanas).

Este importe virá dado polo nº de quilómetros percorridos, tanto que o faga no mesmo día ou en día diferente, e con independencia da súa localidade de residencia, durante unha semana, dende o centro base aos centros de outras localidades (ida e volta), multiplicado por 36 semanas e por 0,19 €/quilómetro.

No caso de ter remanente do ano 2018, deberá indicar o importe no apartado correspondente. O importe previsto para o pago dos desprazamentos será ingresado xunto coa contía global de gastos de funcionamento do centro, nas porcentaxes do 40%, 30% e 30%.

Aos efectos de facilitar o envío destes datos, achégase, como anexo, unha folla de excel. **Esta folla deberá descargala ao seu ordenador, renomeala co “nome do seu centro”. cubrila, gardar os cambios e posteriormente enviar este arquivo en formato Excel cos datos ao enderezo de correo itinerancias@edu.xunta.es, indicando no asunto: “Itinerancias 2019”. NON remita a información por correo ordinario.**

A información relativa ás itinerancias, así como o texto deste correo e o anexo, pode obtela no portal educativo da Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/itinerancias>)

Un saúdo,
O subdirector xeral de recursos humanos.
José Luís Canosa Baldomir